



**CONCELLO
DE
BAIONA**
(PONTEVEDRA)

BASES DO IIº CONCURSO ESCOLAR DE DEBUXO **“Engánchate á Igualdade”**

Con motivo da conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, a Concellería de Igualdade de Xénero do Concello de Baiona, organiza o **IIº Concurso de debuxo “ENGÁNCHATE Á IGUALDADE”**, que ten como obxectivo que o alumnado reflexione sobre o papel das mulleres na sociedade e a necesidade de desenvolver relacións mais igualitarias no ámbito laboral e familiar.

I: Temática

Os temas dos debuxos versarán sobre algún dos seguintes aspectos:

- O papel da muller na sociedade: Valorización e visualización. Mulleres representativas no ámbito das ciencias e das letras.
- Igualdade de oportunidades no eido laboral.
- A igualdade de dereitos e obrigas entre mulleres e homes: A corresponsabilidade.

II: Participantes

- Poderán participar no concurso todas as alumnas e alumnos dos centros educativos municipais que estén escolarizadas/os na educación secundaria obligatoria.
- Só se podera presentar unha obra por autor/a.



**CONCELLO
DE
BAIONA**
(PONTEVEDRA)

II: Obras

- O debuxo presentarase en cartolina formato DIN A-4, segundo o modelo que se xunta.
- Os traballos que se presenten ao concurso deberán ser orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos ou certamen.
- A técnica do debuxo é libre.
- As obras deben levar a seguinte frase “8 de Marzo. Día Internacional da Muller”.
- Os/as participantes deberán explicar a motivación da elaboración de dito deseño dentro da temática elixida, tal e como se especifica no modelo que se xunta.
- Os traballos presentaranse acompañados dun sobre pechado, e no seu exterior indicará o pseudónimo do/a participante (o mesmo que debe aparecer na obra presentada) e no seu interior deberá levar os seguintes datos: nome e apelidos do/a autor/a, idade, curso e centro educativo, dirección particular e teléfono de contacto.

IV: Lugar e prazo de presentación

Os traballos deberán entregarse no Centro de Información á Muller de Baiona (r/Dolores Agrelo, nº 16, Baiona /Tfno: 986 35 75 54) de luns a venres en horario de 9 a 14h. e os martes de 17 a 19 h., ou nos departamentos de orientación dos centros educativos nos que estudien, rematando o prazo de entrega o vindeiro venres 20 de febreiro ás 14 h.



**CONCELLO
DE
BAIONA**
(PONTEVEDRA)

V: Proceso de selección das obras premiadas

O xurado valorará os traballos presentados conforme aos seguintes aspectos:

- Calidade do traballo
- Correspondencia coa temática do concurso
- A creatividade e a orixinalidade no tratamento do tema

O ditame do xurado será inapelable e podería declarar deserto calquera dos premios da concurso, se os traballos non acadan unha calidade mínima ou non abordan a temática proposta.

VI: Composición do xurado

O xurado será nomeado polo Alcalde de Baiona. A resolución do xurado será comunicada ás e os participantes, e se publicará na páxina web municipal (ww.baiona.org/igualdade).

As obras premiadas quedarán en posesión da Concellería de Igualdade, reservándose todos os dereitos de uso das mesmas.

VII: Premios

- Establécense tres premios e dous accésit :
Primeiro premio: Consola Wii + xogo Wii Sports
Segundo premio: Cámara de fotos 8 megapíxeles e tarxeta de memoria (2Gb)
Tercero Premio: Reproductor Radio-Cd.
Dous accésit: Prismáticos



**CONCELLO
DE
BAIONA**
(PONTEVEDRA)

- As obras gañadoras utilizaranse para o deseño de chapas para a conmemoración do Día Internacional da Muller, así como para a edición de carteis e outros materiais publicitarios que o Concello de Baiona elabore no marco de dita data. Todas as obras premiadas quedarán en propiedade do Concello de Baiona, que poderá reproducilas libremente sen que tal reprodución xere dereito algún.
- Así mesmo a Concellería de Igualdade reservase o dereito de engadir unha franxa co anagrama da Concellería de Igualdade e do Concello de Baiona.
- Con todas as obras presentadas organizarase unha exposición.
- Os premios serán entregados nun acto organizado con motivo do Día Internacional da Muller polo Concello de Baiona.

A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases.